

Sr. Alcalde-Presidente
Concello de Soutomaior
Pontevedra

Asunto: **Comunicación de situación de risco en relación á influenza aviaria en aves.**

Estimado Alcalde-Presidente:

O pasado 11/01/2022 informámoslle acerca dun cambio na situación epidemiolóxica en España con respecto á Influenza Aviaria de Alta Patoxenicidade (IAAP), considerándose por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) que nas Zonas de Especial Vixilancia (ZEV), como é o caso do concello do que vostede é Alcalde-Presidente, o risco de circulación do virus era alto. Debido a esta situación, adoptáronse unha serie de medidas.

Nas datas posteriores constatouse que o virus estaba a circular no territorio nacional, aparecendo, ata a data actual, 31 focos en aves de curral, nas comunidades de Andalucía e Castela e León, e 37 en aves silvestres, en Madrid, Andalucía, Castela e León, Aragón, Extremadura e Cataluña.

O 04/05/2022 o MAPA procedeu actualizar a situación de risco, segundo a evolución nas últimas semanas da situación epidemiolóxica da IAAP en España, tanto nas aves silvestres como nas domésticas. Así, tendo en conta que desde o pasado 21 de marzo non se ten notificado ningún foco en granxas de aves, e que finalizou o período migratorio das aves silvestres desde o norte e o centro de Europa cara ao noso país, decidiuse proceder ao **levantamento das medidas acordadas desde o pasado 4 de xaneiro, nos municipios incluídos nas zonas ZEV**, agás nos ubicados na Comunidade de Madrid, na que se localiza o último foco en aves silvestres, acontecido o 26/04/2022. Non obstante, o MAPA deixa a criterio das autoridades competentes de cada comunidade autónoma a posibilidade de establecer restricións no seu territorio, no caso de considerarse necesario segundo os resultados da súa propia análise de risco. Dado que en Galicia non se detectou ningún foco de IAAP, nin en aves de curral nin en aves silvestres, non se considera necesario establecer máis restricións, no caso dos concellos incluídos nas zonas ZEV, que as especificadas no punto 1 do artigo 5 da Orden APA/2442/2006, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 777 /+34 881 999 070
mediorural.dxgaia@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Deste xeito, a única **medida a aplicar nos concellos incluídos nas zonas ZEV. como é o caso do concello do que é vostede Alcalde-Presidente**, é a prohibición da presenza de aves de curral (criadas en granxa) nos centros de concentración, incluíndo os certames gandeiros, mostras, exhibicións e celebracións culturais, aínda que poderíanse autorizar no caso de que a autoridade competente efectuara unha avaliación do risco con resultado favorable. Non obstante, poderase prohibir a concentración doutras aves distintas a estas (como ornamentáis, pombas mensaxeiras ou falcóns), no caso de que así se decidira por parte das autoridades competentes tras unha avaliación de risco.

Como información complementaria, volvemos a recordar as seguintes recomendacións:

- As persoas relacionadas con granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola de tipo curral familiar, deben evitar ter contacto con aves dunha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade (lavado de roupa, lavado de mans...), especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres.
- As persoas titulares ou traballadoras en explotacións ou titulares de currais familiares de calquera tipo, se realizan actividade cinexética de caza menor de aves, deben manter as adecuadas prácticas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética, procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.

Aproveito para recordar que, tal como se establece no Real Decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, é obrigatoria a inscrición de todas as explotacións nas que se crían ou manteñen aves de curral, produtoras ou reprodutoras, para calquera tipo de produción, incluídos os currais de autoconsumo, no Rexistro Galego de Explotacións Avícolas da Consellería do Medio Rural.

Aínda que a situación de risco é menor que a principios de ano, dadas as características desta enfermidade, cunha alta difusibilidade entre as aves e as graves repercusións económicas que a súa presenza poden causar ao sector avícola, é moi importante a detección precoz da mesma, polo que calquera sospeita de influenza aviaria debe ser comunicada de inmediato aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural, directamente ou, de existir, a través do veterinario da explotación. Igualmente no caso de sospeita en aves silvestres.

Prégolle que dea a maior difusión posible a esta información a todos os veciños e veciñas do seu concello polos medios dispoñibles que considere máis adecuados.

Grazas pola súa colaboración. Reciba un saúdo





Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Silvestre José Balseiros Guinarte

